



**CONCELLO DE ARZÚA**

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN  
- SALÓN PLENOS CASA DO CONCELLO, 4 DE FEBREIRO DE 2021**

No día de hoxe, ás 10:08 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:** José Luis García López

**ASISTEN:**

Miguel Angel Vallo Camba  
M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González  
Manuel Rodríguez Santos  
Aurora Varela Duro

Rafael Rivadulla Varela  
Jesús Gómez Camino  
Cristina Castro Pampin

Xoan Xesús Carril Ramos

Emilio García Vázquez

Begoña Balado Conde

**AUSENCIAS:**M<sup>a</sup> del Carmen Fuentes Rios, Lucia López Sobrado

**SECRETARIA:** Rebeca Vázquez Vázquez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

---

o alcalde, como presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

## 1. DITAME PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2021

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión Municipal, de data 01/02/2021, no seguinte sentido:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

### A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>			

### B ) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	344.407,11
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	344.407,11

### C ) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>			

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
HUMANIZACION DA RUA DO CARME DENDE A RUA XOSÉ NEIRA VILAS	207.532,07	,00	207.532,07
RENOVACION DE ALUMEADO EN TRONCEDA A NOVA E OUTRO	14.769,02	3.242,39	18.011,41
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	<b>222.301,09</b>	<b>3.242,39</b>	<b>225.543,48</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

<b>Entidade financeira</b>	<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda</b>
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	

**E) Resumo:**

<b>SUBTOTALS</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
------------------	-------------------	-----------------	--------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2020</b>			
	<b>Achega 2021</b>			
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2021</b>	344.407,11		344.407,11
	<b>Achega 2020 (Excep. Base 2.2)</b>			
<b>C- INVERSIONES</b>	<b>Achega 2021</b>			
	<b>Achega 2020</b>	222.301,09	3242,39	225543,48
<b>D- REDUCCIÓN DÉBIDA</b>	<b>Préstamo 2021</b>			
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2021</b>			
	<b>Achega 2020</b>			
	<b>Préstamo 2021</b>			
	<b>TOTAL</b>	566.708,20	3.242,39	569.950,59

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
MELLORA DE VIARIO EN FONTELAS	89.526,76
REFORZO DE FIRME NO VIARIO A EDAR DE ARZUA	116.817,88
MELLORA DE VIARIO EN DOROÑA	118.010,31

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Teléfono:981 50 00 00

<b>TOTAIS</b>	<b>324.354,95</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten pendente de tramitar o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

\*Do Sr. García Vázquez (CxG) para indicar:

-Que este plan non está adaptado á necesidade social que ten Arzúa a día de hoxe e as carencias estruturais que padece o Concello.

-Se analizamos cada unha das vías como Doroña, Fontelas é un investimento moi elevado, e era necesario arranxar outras infraestruturas como a estrada que vai de Arzúa a Santiso-

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

-Vese unha falta de previsión, xa que nos vindeiros anos vaise abrir a autovía e vai ter moita carga ese vial, tamén parroquias de Arzúa como Boente e Castañeda, teñen por ahí unha entrada e saída a autovía, esa estrada precisa unha regulación da velocidade que sería facer unha rotonda no cruce de vías entre Santiso e Pastoriza.

- Que como xa se dixo noutros plenos, a rúa do Carme tamén leva un investimento bastante elevado, e cre que é investir en obras que correspondería facelas a Xunta de Galicia.

- Que as infraestruturas de Arzúa o que é básico é que hai parroquias que non teñen auga pública.

- Que parécelle un POS feito sobre peticións de algúns veciños, pero ten moitas carencias en infraestruturas.

\* A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) indicou:

- Que en Arzúa poderíanse facer moitas infraestruturas e servizos, pero necesitarían o orzamento total da Deputación Provincial, polo que decidiuse primar algunhas das demandas dos veciños que nos chegan ao concello e que tamén son necesarias, como a rúa do Carme, que está en pleno camiño de Santiago é unha rúa que está moi deteriorada e hai que estar continuamente reparandoa porque se levantan as pedras, e supón un perigo tanto para os peregrinos, como para os nenos que baixan do colexio de Atocha como tamén para os vehículos.

- O alumado de Tronceda é necesario, ao igual que se está facendo nas demais parroquias, é xa queda menos para acondicionar este servizo nas parroquias.

- A mellora do viario en Doroña e Fontelas, son pistas grandes e nalgunhas delas hai que facer actuacións, en Doroña vaise arranxar a praza que hai no medio da aldea, en Lema sería lóxico facer toda a rúa pero eso implica gastar moitos cartos e polo tanto decidiuse facer a obra por onde está a EDAR que é onde esta mais perxudicada a vía.

\* O Sr. Carril Ramos (do BNG) manifestou:

- Que van votar a favor neste punto, por coherencia política, lamentan que o grupo de goberno non consensue coa oposición, como dixo hoxe o concelleiro de CxG e o outro día o voceiro do PP na comisión informativa, que con este investimento igual se poidera beneficiar a un maior número de veciños con obras de menor calado.

-Que as obras que se inclúen neste POS son necesarias aínda que non imprescindibles e queren lamentar que o grupo de goberno non consensue coa oposición este tipo de obras, un goberno tan democrático que incluso no ROM aprobou que se ían facer orzamentos participativos, e un alcalde que presume de democrático, dialogante e

transparente non acepta ningunha das propostas do BNG e responden nos medios de comunicación con insultos e provocacións.

- Que algunhas das propostas que fixo o BNG fixeranas AxA como o partido socialista no seu programa, xa levan dous anos de legislatura e vese que as intencións de cumprir o programa non as teñen moi claras.

- Que van facer unhas suxestións por se se queren ter en conta con respecto as obras que se incluíron neste POS:

\*Rúa do Rego da Raña que vai a EDAR, sería bo deixar un paseo dun 60 ou 70 cm para que non sexa tan perigoso, porque o baixar pola beirarrúa e chegar a onde se vai facer a obra da EDAR, non hai nin 10 cm entre a zona rodada ata a cuneta, polo que dería bo que dende esa marxe ata o cruce de Pastoriza deixar un pequeno paseo.

\* Rúa do Carme xa o dixeron mais veces, non coinciden co que di a concelleira do PSOE nin co que din os técnicos de que é unha rúa moi perigosa e que os coches para aparcar teñen problemas (aparece no informe) cando é unha rúa onde non se pode aparcar e entende que cando se faga a obra tampouco se vai poder aparcar. As obras no camiño de Santiago ata non hai moitos anos normalmente faciaas o Xacobeo ou cando menos aportaban unha cantidade importante para ese tipo de obras, a marxe esquerda desa rúa en dirección o camiño está habendo accidentes de caídas de persoas porque a parte peonil é lisa e crea un verdín polo que hai moita xente que está caendo, estos días de atrás os traballadores do concello pasaron coa maquina limpadora, e podería mirarse a posibilidade de poñer unha pedra un pouco mais rugosa e non tan lisa.

\* Que busquen outra maneira de facer as arquetas dos sumidoiros que saen das vivendas, porque está habendo moitos problemas, a maioría dos veciños xa lles sacaron o tubo da arqueta que fai sifón, o alcalde ten coñecemento diso e os traballadores do concello tamén, porque cada pouco tempo teñen que ir limpar esas arquetas, na zona da r/ Cima do Lugar non hai moito desnivel e creanse esef problemas que se se viñan creando algo antes desa obra.

\* Que lles parece ben que se mellore o alumeadado sobre todo por consumo e seguridade, pero pide que se revisen a maioría das caixas que hai de contadores e fotocedulas que supoñen un perigo.

\* O Sr. Rivadulla Varela (PP) indicou:

- Que das tres obras que están situadas en tres parroquias, son obras que están ben e que nunca sobran, pero teñen un importe bastante alto, o cal se podería repartir noutros investimentos, por exemplo, en sumidoiros, abastecemento de auga, promoción turística, tráfico, estacionamento etc... como comentaron o outro día de cara a futuros POS sería bo pensar niso, porque hai moitas necesidades a nivel xeral, E sería bo que acollera a mais parte da sociedade e o beneficio fose mais xeral e non tan focalizado, aínda que o arranxo do firme nestas vías é necesario.

-Tiña unha dúbida sobre a pavimentación en formigón, porque no proxecto non se detalla ese concepto, a estrada cara a EDAR había unha necesidade que xa comentaran o outro día que eran as tapas dos sumidoiros que no inverno saltaban, hai uns baches bastantes grandes, esa obra está ben porque case é a que mais necesidade tiña porque por esa estrada camiña bastante xente.

-No ano 2019 no pleno ordinario de 8 de novembro solicitaran se se podía poñer algunha sinalización xusto onde está a EDAR que comeza a baixada cara Pontelesa, porque nesa estrada non hai indicación de curvas perigosas, nin de velocidade e no inverno soe haber saídas de vehículos da estrada, sería ven poñer unha sinalización de curva perigosa.

-Vanse abster, a democracia brilla pola súa ausencia, aquí se propuxeron as ideas que ten o equipo de goberno, e van facer propostas para o vindeiro POS por se as queren ter en conta, non participamos nisto como na radio, para o vindeiro POS tampouco nos imos facer ilusións, fan estas propostas para que na medida do posible se socialicen mais este tipo de investimentos no POS

\*O alcalde indicou:

-As obras que se inclúen neste POS son moi necesarias, non ten ningún problema en ser democrático, en coller ideas que teña a oposición, se non foran urxentes algunhas destas obras non as incluíría ou incluíríaas con menos orzamento porque seguro que lle sacaría mais rendemento político, non sabe onde ven o rendemento político destas obras, pero é bastante pouco, o cal xa é indicativo que se están incluíndo no Plan por necesidade, porque se os cartos estiveran mais repartidos como indica a oposición sacaría máis rendemento político.

- O caso de Doroña e de Fontelas, hai dúas granxas grandes, en Doroña hai parte da pista con aglomerado e parte en formigón é para non ter problemas con patrimonio xa que por alí pasa o camiño de Santiago no se vai variar o material, tampouco ben o



caso facer un riego alí para aforrar cartos cando hai unha SAT bastante grande, no caso de Fontelas outro tanto, a pista que é de riego está fatal polo tema da maquinaria da granxa, sería un erro volver a votar riego para que en tres meses volva a estar a pista desfeita, por iso sube o orzamento a eses importes.

-No caso da EDAR, esta parte que se inclue no plan está mal porque se fixo mal no seu momento, xa se arranxou a saída de Lema que tamén estaba mal, tamén estaban fundidas as calizacións, polo que é unha obra das mais urxentes que hai.

-En canto a rúa do Carme, a súa intención, como xa dixo varias veces, é cambiar todas as lousas que hai dese tipo no camiño, estaba a rua Cima do Lugar, está a rua do Carme, Ribadiso e os Corrais en Boente, porque está cansado de recibir queixas de peregrinos que caen e rompen as narices nas pedras, e hai que estar continuamente poñendoas ben, a intención foi aproveitar os POS para arranxar a rúa do Carme, a intención é que Ribadiso a arranxe a Consellería de Turismo, na última visita do vicepresidente pasouselle a memoria valorada para que lle votara un ollo, a ver se nos proximos meses ten resposta, en canto a parte de Boente estase a elaborar un proxecto para presentar en turismo o cal leva o BNG na Deputación, e a ver que din se poden votar unha man será benvida.

-O tema de auga, foron o encargado de VIAQUA aquí no concello, o técnico do concello e el a Augas de Galicia hai un ano, e expuxeron o problema que hai e quedouse de facer un proxecto o cal está reclamando, o outro día saíu un artigo na Voz de Galicia o cal pasou a ler *“La Xunta reforzará las traidas vecinales y los pozos por ser mas sostenibles, Aguas de Galicia quiere superar el mito de que el abastecimiento centralizado es sinónimo de progreso y quiere apoyar la tradición gallega de la autogestión del agua, que se refleja en la profusión de pozos o manantiales privados y en las traidas gestionadas por los vecinos, principalmente en parroquias rurales, la idea de sostenibilidad tanto económica como medio ambiental está cambiando patrones socio-económicos que se pensaban inmutables en todos los ámbitos.....”*

*Augas de Galicia asume que estos sistemas a pequena escala resultan vitales para la dotación de agua en el entorno rural de galicia y bajo esta premisa considera estratégico fortalecer la sostenibilidad de las pequeñas suministraciones y en las comunidades rurales dispersas como modelo alternativo a la municipalización de los servicios mucho menos eficaz en estos lugares. Esta idea que conezca con el debate político sobre la remunicipalización de suministros esenciales como el agua se va a*

*materializar en dos líneas de trabajo que ya están en marca. Por un lado, desde el año pasado hay una nueva línea de subvenciones para optimizar procesos e instalaciones con el objetivo de mejorar las garantías sanitarias y calidad del agua, pues el organismo de la Xunta considera que en algunos casos la seguridad sanitaria de algunos de estos abastecimientos puede estar comprometida*

*En conexión con esta prioridad relacionada con la calidad del agua este organismo prepara un plan mas ambicioso para implicar a los ayuntamientos con estas comunidades de usuarios, buscando ordenar estos abastecimientos, fomentar la colaboración municipal y un mayor conocimiento de esta realidad.*

*Elección de seis municipios. Así se ha puesto en marcha la contratación de los 6 primeros 6 planes municipales, cada uno de ellos conllevará la realización de un inventario de estos modelos de abastecimiento, en los próximos meses elegiran los primeros 6 concellos en los que se implantaran estos planes con los que deberán colaborar aportando su información y recursos.*

*En Augas de Galicia reconocen que la iniciativa surge de la exitosa experiencia de Abegondo con sus traidas vecinales, elegida entre las cinco mejores de UE en el marco del proyecto LIVE, gracias a este plan piloto se demostró la viabilidad de estos sistemas frente a los abastecimientos centralizados, demostrando que son mas rentables”*

*-Que nos vindeiros días seguramente os convoque unha Xunta de Voceiros para falar deste tema e para ver se cren convinte de remitir un acordo da xunta de voceiros a Augas de Galicia coa documentación que se presentou doutra vez, interesados en que nos inclúan neste plan ou non.*

*-Unha vez mais a Xunta vota as responsabilidades encima dos concellos, o final os concellos imos ter que encargarnos de que as traidas veciñais estean en boas condicións e así queda salvado o tema da auga, que lles traia de cabeza.*

*-O tema das beirarrúas da estrada que vai a Lema está pendente de contratación un cacho que se vai a aumentar de beirarrúa e mirarase se se pode seguir ampliando ou facer a marxe como dicía o Sr. Carril Ramos.*

*-A pedra que está posta na rúa de Cima do Lugar, é a que nos manda poñer patrimonio, que cando se fixo a Cima do Lugar unha das pegas que poñían era porque non se continuaba coa rúa do Carme, e contestoulles que lle daban os cartos non tiña ningún problema, xa foi difícil que nos derán o permiso para a rúa Cima do Lugar, que*

cando pedimos para o primeiro tramo da rúa do Carme non aprobaban o proxecto, porque caeu nas mans dunha rapaza nova que hai en patrimonio que é de ideas fixas e foi a que tocou ca casa de correos, non estaba de acordo que a rúa seguira unha continuidade quería algo diferente, cando antes contestaran que querían continuidade co mesmo material e todo, agora quería algo diferente, para o vindeiro pleno se se lembra traera o informe de patrimonio.

\*O Sr. Rivadulla Varela ( do PP) indicou:

-O tema da urxencia e relativo sempre imos contar co POS salvo que as Deputacións desaparezan.

-O tema de Ribadiso, o ano pasado consultaran con vicepresidencia sobre este tema, porque tiñan tres ou catro proxectos e un deles era o de Ribadiso, e tiñanos sobre a mesa para poder subvencionar un ou dous deles, porque non tiñan para todos, el comunicoulles que era unha necesidade e que xa facía tempo que concello llo presentara a concellería e estaba pendente, quedaron de chamalo a semana seguinte e non o chamaron, por un tema de prazos que non era os que eles manexaban o final quedaron cun ou dos proxectos, quedaron que o longo deste ano Xacobeo subvencionar iso

-El tamén leu esa noticia sobre o tema da auga, estes días hai unha axuda que acaba o día 22 para asociacións de veciños, asociacións de mulleres rurais e para comunidades de usuarios de auga, estaría ben que o concello nas parroquias onde haxa necesidades de auga votarlles un cable os veciños para constitución destas comunidades de augas.

-As pegas que pon patrimonio sobre o arranxo da rúa do Carme non era coñecedor dese tema, pero con este concello tamen pasa algo semellante.

\*O Sr García Vázquez (de CxG) manifestou:

Hai que lembrarse do rural, hai zonas do concello que non hai cobertura de móbil, non chega internet e a realidade social é a que é a día de hoxe, que o futuro vai tirar por ahí, como a escolarización dos rapaces vía dixital, e fundamental que chegue a cobertura das redes dixitais os diferentes puntos, hai que telo en conta porque é un tema de primeira necesidade.

\* O Sr. alcalde manifestou:

-O mellor é que nos dean os concellos o orzamento da Xunta e facemos todo e xa está. Cre que ese tema e un tema mais da Xunta como tamén o tema da auga, que son servizos básicos, o que non vale é dar unha subvención de 30.000 euros para cubrir todo.

-Estan intentando optar a unha subvención que vai haber do Estado para a instalación da fibra optica, veñen hoxe a mirar a viabilidade de proxecto para ver que se pode facer.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por 7 votos a favor ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa ,1 da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, 1 concelleiro do grupo municipal BNG) e 4 abstencións (dos 3 concelleiros/as do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro de CxG), o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO.-** “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
<b>Subtotal pago a provedores</b>			

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	344.407,11
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>344.407,11</b>

**C ) Financiamento de investimentos:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2021</b>			

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
HUMANIZACION DA RUA DO CARME DENDE A RUA XOSÉ NEIRA VILAS	207.532,07	,00	207.532,07
RENOVACION DE ALUMEADO EN TRONCEDA A NOVA E OUTRO	14.769,02	3.242,39	18.011,41
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	222.301,09	3.242,39	225.543,48

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

#### D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	
---	--

**E) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	Achega 2020			
	Achega 2021			
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2021	344.407,11		344.407,11
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)			
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2021			
	Achega 2020	222.301,09	3242,39	225543,48
<b>D- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	Préstamo 2021			
<b>TOTAL</b>	Achega 2021			
	Achega 2020			
	Préstamo 2021			
	<b>TOTAL</b>	566.708,20	3.242,39	569.950,59

**SEGUNDO.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
MELLORA DE VIARIO EN FONTELAS	89.526,76

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

REFORZO DE FIRME NO VIARIO A EDAR DE ARZUA	116.817,88
MELLORA DE VIARIO EN DOROÑA	118.010,31
<b>TOTAIS</b>	<b>324.354,95</b>

**TERCEIRO.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten pendente de tramitar o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**CUARTO.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

**QUINTO.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**SEXTO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**SÉTIMO.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**OITAVO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

## 2.- DITAME POS ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

A secretaria da lectura da proposta de acordo, ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno e Control de Xestión Municipal, de data 01/02/2021, no seguinte sentido:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ ADICIONAL 1/2021**" da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	<b>208.731,58 €</b>
---	---------------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
<p>a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.</p> <p>(O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)</p>			



GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	18.000,00 €		18.000,00 €
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	20.000,00 €		20.000,00 €
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.  (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)  Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	618.800,00 €	Subv. Xunta Galicia: 320.100 . Copagamento usuarios (taxas); 82.871,14 <b>TOTAL:402.971,14</b>	215.828,86
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	10.000,00 €		10.000

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	3.300,00 €		3.300,00 €
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.			
<b>T O T A L</b>	<b>670.100,00 €</b>	<b>402.971,14 €</b>	<b>267.128,86 €</b>

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Deseguido interviron:

\*O Sr. García Vázquez (de CxG) o cal indicou:

-Este POS adicional segue a liña do POS para as obras, chama a atención que non se valore a rendabilidade que podería traer facer público o servizo de axuda a domicilio, non entende o por qué non se fai esa valoración estando o partido socialista por ahí  
-En canto as partidas económicas , falta o programa político do concello, faise segundo un informe que saca servizos sociais e presentanse unhas cantidades.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

\* A Srra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) manifestou:

-E unha partida moi necesaria que aínda será máis necesaria co paso do tempo coas circunstancias que estamos a vivir son moi problemáticas.

- O Sr. García Varela teralle que pedir información a persoa coa que se presentou a estas eleccións polo tema a privatización do servizo a domicilio, e xa lles informa o vindeiro día sobre ese tema.

\* O Sr. Carril Ramos (do BNG) manifestou:

-Van votar a favor, porque todas as axudas que se poidan destinar a mellora da situación da nosa veciñanza son poucas, seguramente se houbera un consenso coa oposición, cada un aportaríamos unhas ideas distintas.

-En canto a partida que vai para ampliación da axuda no fogar, a Xunta tería que aportar máis e incluso responsabilizarse diso, porque é unha competencia máis da Xunta que municipal, porque é un problema de coidar os nosos maiores, a aportación que fai a xunta e a aportación que fan os usuarios, os usuarios están aportando un 20% máis do que aporta a Xunta e hai que ser consciente que en Galicia temos as pensións máis baixas do estado, a Xunta tería que subir a súa aportación bastante.

- En canto o que destina o concello neste POS para este gasto non entendemos moito que poida entrar neste tema, os gastos do POS estas axudas son para gastos extraordinarios e entenden que o servizo de asistencia no fogar non é un gasto extraordinario vido a raíz do Covid, a asistencia de axuda no fogar xa se tiña antes e aínda que o do Covid se resolva a axuda no fogar seguirá.

- Preguntanse que vai pasar cando pase esta situación coa axuda no fogar

\* O Sr. Rivadulla Taboada ( do PP) indicou que:

-Recabar datos sobre certos servizos sociais é máis complicado, non é un tema que se comente tan abertamente como o tema das obras necesarias en parroquias ou no núcleo urbano, polo tanto confían no criterio das traballadoras sociais, porque son as que traballan directamente con esta xente e saben sobre o tema do que está crecendo ou o que está por vir a longo deste ano, polo que damos por bo o seu criterio, polo que van votar a favor.

- Sobre a privatización da axuda no fogar si lles interesa que teña un prezo máis ou menos de mercado, e dicir algo asumible e o servizo sexa da máxima calidade, pero para iso esta o Concello para controlar a calidade dos servizos que se fan ou non de acordo co que está estipulado no contrato ou non.

-Sobre o que comentou a concelleira Balado Conde, o que se teña feito no pasado non

conleva que o goberno actual se teña que amarar a esas condicións, de feito o que é a contratación do SAF depende do concello e non depende de decisións pasadas, sacar un servizo como este é complicado por que supón unha parte de xestión para o concello.

\* O Sr. alcalde explicou:

-Visto o visto o longo dos anos foi unha das mellores decisións que tomou , o de privatizar o servizo do SAF, porque tomouse esa decisión en base a informes tanto económicos, como informes das traballadoras sociais, moitos partidos sobre todo de esquerdas levarono nos seus programas tanto a municipalización do SAF como o das augas. Algúns concellos como o de Valladolid conseguiu remunicipalizar as augas a medias, cunha xestión mixta, ningun outro concello o conseguiu, e no SAF non ten noticias de que algún outro concello o conseguira, porque estan atados mais que nada polo tema laboral, polo complicado que é contratar xente, este concello tería un gran problema se naquel momento decidira seguir coa xestión pública, porque non sería como antes que podías estar contratado continuamente, teriamos tamén un grave problema ao reformar a RPT.

-A día de hoxe a empresa que o está xestionando agora cre que o está a facer moi ben porque non hai ningunha queixa das traballadoras sociais nin dos usuarios.

-Con respecto o comentario do Sr. Carril Ramos tamén se tivo a dúbida se o SAF podería entrar neste POS e chamouse a Deputación e dixeronnos que si entraba. No apartado 10 das bases pon “ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades ou calquera outro de analoga natureza que se preste no domicilio como rehabilitación, perruquería, comedor sobre rodas...”

-Que o Sr. García Vázquez, se queixaba de que non houbera un programa político neste tema, pero el ve unha ventaxa que neste apartado sexan as propias traballadoras sociais, que son as que mellor coñecen esa realidade as que decidan en que investir eses cartos, el como concelleiro de servizos sociais para o unico que entrevi foi para modificar a partida de emerxencia e poñer uns poucos mais de cartos, porque cre que mellor que as traballadoras sociais non sabe ningun das necesidades do departamento.

Tras o exposto o Sr. Alcalde someteu a votación este punto, por 10 votos a favor ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa por Arzúa ,1 da concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE, 1 concelleiro do grupo municipal BNG, 3 concelleiros/as do grupo municipal do PP) e con 1 abstención do concelleiro de CxG, o Pleno municipal **ACORDOU:**

**PRIMEIRO:**“Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2021”** da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	<b>208.731,58 €</b>
---	---------------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.  (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, con baixos ou nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	18.000,00 €		18.000,00 €
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios.	20.000,00 €		20.000,00 €
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.  (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS)  Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de aportación municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	618.800,00 €	Subv. Xunta Galicia: 320.100 . Copagamento usuarios (taxas); 82.871,14 <b>TOTAL:402.971,14</b>	215.828,86
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.	10.000,00 €		10.000

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.			
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.	3.300,00 €		3.300,00 €
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.			
<b>T O T A L</b>	<b>670.100,00 €</b>	<b>402.971,14 €</b>	<b>267.128,86 €</b>

**SEGUNDO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

As 11:07 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O alcalde, José Luis García López	A secretaria, Rebeca Vázquez Vázquez
--------------------------------------	---